

ANEXO III

2019/CP/105

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
AXUDA

Referencia: ED431C 2016-047			
Título: Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do S.U.G.			
CENTRO: Facultade de Informática			
OBXECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Facultade de Informática. De luns a venres, de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:30			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVIEMBRE DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado ☐		* Investigador en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico administrativo ☐		Axudante administrativo ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	
DURACIÓN	3,5 meses	DATA APROX. DE INICIO	16/07/2019
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.706,25 €			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 6140242603-541A-6490200			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Enxeñaría/Grado en Informática ou similar.
EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria
REQUISITOS: Ver memoria da convocatoria. Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Por correo electrónico a varpa@udc.es , indicando no asunto a referencia da convocatoria de contratación
PRAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Investigador Principal do proxecto
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Facultade de Informática

A Coruña, 07 de maio de 2019
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Manuel F. González Penedo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	FilzgsQRdbLnUFTT0LHz0w==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo		Asinado	08/05/2019 11:08:10
Observacións			Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FilzgsQRdbLnUFTT0LHz0w==			



MEMORIA DE CONTRATACIÓN

TAREFAS A REALIZAR

O/a candidato/a realizará tarefas de investigación dentro das actividades investigadoras do grupo VARPA, principalmente relacionadas co procesamento de imaxe médica no ámbito oftalmolóxico e óptico.

Integrarase nunha liña de traballo do grupo para desenvolver técnicas de procesamento de imaxe e visión artificial combinando con técnicas de aprendizaxe máquina, Deep learning para a detección e caracterización de obxectos relevantes en novas modalidades de imaxe oftalmolóxica (OCT-A) que permitan a obtención de sistemas de apoio ao diagnóstico clínico máis avanzados e precisos. O candidato realizará tarefas de definición, desenvolvemento e probas das técnicas adecuadas. Estará en contacto con equipos de traballo clínicos relevantes e especializados nas áreas de interese.

Contémplase a realización de tese doutoral no ámbito de traballo da temática.

XUSTIFICACIÓN DA DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato plantéxase para acometer o estudo, definición e resolución dun problema específico, relevante e aplicado, no ámbito da caracterización de patoloxías mediante imaxe médica oftalmolóxica. Considérase que a duración do contrato ha de ser adecuada para a realización de todas as etapas de investigación que conleva: establecemento do problema, definicións metodolóxicas, construción dos conxuntos de proba, resultados e validación clínica.

REQUISITOS DOS CANDIDATOS

- Enxeñeiro/Graduado en Informática ou similar.
- Máster en Informática ou equivalente con competencias en intelixencia artificial, visión artificial ou imaxe médica (polo menos 60 créditos cursados).
- Coñecementos de contornas de desenvolvemento informático relacionados co contrato: Python, Matlab, OpenCV, librerías de aprendizaxe máquina, Deep learning, etc.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS MÉRITOS

- Expediente académico da titulación de Grao ou equivalente cursada: ata 10 puntos. Só se considerarán notas medias superiores a 6'5 sobre 10.
- Expediente académico da titulación de Máster ou equivalente cursada (créditos aprobados): ata 2 puntos. Só se considerarán notas medias superiores a 6'5 sobre 10.
- Experiencia investigadora no ámbito da convocatoria (ata 3 puntos):
 - Publicacións e comunicacións a congresos internacionais (ata 1'5 puntos). Valorarase a publicación en función do cuartil/categoría ata 0'5 por mérito.
 - Participación en proxectos/contratos de I+D (ata 1'5 puntos): 0'5 puntos por ano de proxecto/convenio se é nacional ou internacional, e 0'2 puntos por ano se é local/rexional.

Código Seguro De Verificación	FilzgsQRdbLnUFTT0LHz0w==		
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	08/05/2019 11:08:10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FilzgsQRdbLnUFTT0LHz0w==		
		Páxina	2/3



- Coñecementos demostrables en desenvolvementos informáticos usando tecnoloxías relevantes para a convocatoria: Python, Matlab, librerías de machine learning, visión artificial, etc: ata 2 puntos. Poderase dar ata 0'5 puntos por ano de experiencia en actividades ou proxectos onde o candidato acredite a utilización de ditas librerías.
- Entrevista persoal, en caso de considerarse necesaria: ata 5 puntos. Valoraranse as cualidades persoais do candidato, así como a motivación para a realización das actividades de investigación no marco dunha tese doutoral.

A Coruña, 7 de maio de 2019
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Manuel F. González Penedo

Código Seguro De Verificación	FilzgsQRdbLnUFTT0LHz0w==		
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo	Asinado	08/05/2019 11:08:10
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FilzgsQRdbLnUFTT0LHz0w==		

